

0.- PRESENTACIÓN

A Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo quere presentar o Plan de Acción Titorial que se deseñou inicialmente para a súa titulación de Grao e que se estende, agora, as diferentes titulacións de Master adaptando as súas necesidades.

Tratase de toda unha serie de actividades que complementan a formación dos estudantes e axudan á súa normal integración e desenvolvemento no ámbito universitario.

Coa incorporación ao marco do Espazo Europeo de Educación Superior as titulacións transformaron os seus plans de estudos adaptandos a Grao, incorporando protocolos de calidade docente que garanten sistemas de seguimento co fin de formular plans de mellora continuos. Do mesmo modo a necesidade de facer partícipes as titulacións de Máster levounos a unha adaptación do PAT nos seguintes títulos: Máster en Arte Contemporánea. Creación e Investigación e Máster en Animación Audiovisual e Libro Ilustrado.

O Plan de Acción Titorial está estreitamente enlazado tanto co deseño das Memorias dos títulos así como co Sistema de Garantía da Calidade, formando un conxunto de protocolos e actuacións encamiñados a un adecuado desenvolvemento dos estudantes na súa traxectoria universitaria.

A Titorización implica a atención aos estudantes desde unha perspectiva diferente á docente, atendendo precisamente a ese espazo de interconexión entre as persoas, ademais de coidar a interrelación entre os estudantes e o propio medio onde desenvolven a súa actividade. O PAT apunta directamente á persoa para procurar o seu desenvolvemento e integración nas actividades que se xeran, encamiñadas todas elas a unha formación académica e, o que non é menos importante, a un desenvolvemento persoal.

A docencia nas ensinanzas artísticas implica unha relación moi estreita co alumnado como persoa, por canto o alto grao de experimentación e a vocación coa que ha de transcorrer, supón unha convivencia que serve de contexto, diríamos que imprescindible, para que a formación poida realizarse. Unha formación que vai declinando o proceso desenvolvido desde a ensinanza cara á aprendizaxe.